



FICBUEU | 2015

8º FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CURTAMETRAXES DE BUEU

*DO 7 AO 12 DE SETEMBRO
NO CENTRO SOCIAL DO MAR DE BUEU*



*Proxeccións
ás 20:00 horas e
ás 22:00 horas.*



FICBUEU | 2015

8º FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CURTAMETRAXES DE BUEU

A organización do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu davos a benvida a este evento cinematográfico que vimos celebrando dende fai oito anos.

O noso pequeno equipo cada mes de xaneiro se pon a traballar co obxectivo de podervos ofrecer unha mostra das mellores curtametraxes que se fixeron nos dous últimos anos a nivel internacional. Nesta ocasión presentamos vintetrés filmes que se complementan cunha Sección Galega de cinco títulos, coa intención de axudar a difusión da produción feita na nosa terra.

Coma sempre, esperamos volver a contar coa vosa numerosa asistencia ás proxeccións, xa que é o que nos da forzas para poder seguir mantendo e mellorando o festival ano tras ano.

Dende a organización pensamos que este ano contamos cunha moi boa programación e desexamos que goceades destes seis días de cinema.

Benvidas e benvidos ao FICBUEU 2015.

CALENDARIO DE PROYECCIONES

LUNS 7

Sección galega: SER E VOLTAR, Xacio Baño

ALLES WIRD GUT (Todo irá ben), Patrick Vollrath (Austria/Alemaña)

DINOLA, Mariam Khatchvani (Xeorxia)

STARMAN, Josema Roig (USA)

THE BABY (O bebé), Ali Asgari (Iran/Italia)

MARTES 8

Sección galega: CURRICÁN, Álvaro Gago

DIE KUNST DES VERLIERENS (A arte de perder), David Voss (Alemaña)

AISSA, Clément Thehin-Lalanne (Francia)

PÉRE (Pai), Lofti Achour (Tunisia/Francia)

ELENA ASINS - GÈNESIS, Álvaro Giménez (España)

97%, Ben Brand (Holanda)

MÉRCORES 9

Sección galega: UNARY, Luis Avilés

KOMM UND SPIEL (Ven xogar), Daria Belova (Alemaña)

JAMES, Claire Oakley (Reino Unido)

LISTEN (Escoita), Hamy Ramezan and Rungand Nyoni (Dinamarca/Finlandia)

THE CHICKEN (A galiña), Una Gunjak (Alemaña/Croacia)

XOVES 10

Sección galega: RESTART, Olga Osorio

OLGA, Kaur Kokk (Estonia)

PRENDS-MOI (Lévame), André Turpin and Anaïs Barbeau-Lavalette (Canada)

NASHORN IM GALOPP (Rinoceronte ao galope), Erik Schmitt (Alemaña)

LA REINA, Manuel Abramovich (Arxentina)

EL CORREDOR, José Luís Montesinos (España)

VENRES 11

Sección galega: VÉNDESE (BAIXO PREZO, POUCO USO), J.A. Blanco

PEQUEÑO BLOQUE DE CEMENTO..., Jorge López Navarrete (España)

ARTA (Arte), Adrian Sitaru (Romanía)

WHALE VALLEY (O val das baleas), Gudmundur Arnar (Dinamarca/Islandia)

THE BIGGER PICTURE (Panorama xeral), Daisy Jacobs (Reino Unido)

LA GRAN INVENCION, Fernando Trias de Bes (España)

SÁBADO 12 - CLAUSURA

18:00 CAFÉ CON CREA. Encontro, aberto ao público, entre profesionais do audiovisual galego e membros dalgunhas das curtas do festival. Terá lugar no Pub Aturuxo.

21:30 GALA DE CLAUSURA. ¡Entrega de premios e proxección das curtametraxes gañadoras!. A cerimonia contará con interpretacións en directo.


23:00 FESTA DE CLAUSURA. Os asistentes a Gala recibirán unha invitación para poder acceder ó encontro que terá lugar na Tapería Rosalinda, onde se habilitará un espazo para compartir un rato cos premiados e despedir o festival.

SELECCIÓN DE CURTAS FINALISTAS

A continuación presentamos as 28 curtametraxes que se proxecharán na séptima edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu. Este ano volvemos a acadar un record de participación, tanto polo número de curtas recibidas (2.087) coma o de nacionalidades participantes (107).

Traducción de las sinopsis en la página 11

Translation of the synopsis at the page 11



Cada quenda de curtametraxes se proxechará en **dobre sesión**, unha ás **20:00 horas** e outra ás **22:00 horas**. A duración de cada sesión é de aproximadamente **90 min**.

Non esquezas votar despois de cada sesión polas túas curtametraxes favoritas para outorgar o **premio do público**.

LUNS 7 DE SETEMBRO

SER E VOLTAR

2014 - Galicia (España) - Documental/Ficción - 14'
DIRECCIÓN: Xacío Baño. REPARTO:
Josefa Cociña, Ramón Baño.

Un novo (?) cineasta regresa á casa dos seus avós para facerlles un vídeo-retrato. Diso vai o cine, non si?.



ALLES WIRD GUT (Todo irá ben)

2015 - Austria, Alemaña - Thriller, Drama - 30'
DIRECCIÓN: Patrick Vollrath. REPARTO:
Simon Schwarz, Julia Pointner,
Marion Rottenhofer.

Como todos os segundos fins de semana, o pai de Lea pasa algunhas horas coa súa filla. El quérea moito, igual que ela a el. Pero pouco a pouco Lea ten a sensación de que nesta ocasión algo non vai ben.



DINOLA

2013 - Xeorxia - Drama - 15'
DIRECCIÓN: Mariam Khatchvani. REPARTO:
Nutsi Khaptani, Datuna Guledani, Katie Lortkipanidze,
Vakhtang Chachanidze, Girshel Chelidze.


Na dura e montañosa campiña de Svaneti (Xeorxia), a felicidade é breve, o amado esposo de Dina morre e unha estrita lei non lle dá a oportunidade de ser nai xunto a súa filla.



STARMAN

2014 - U.S.A. - Drama, Deporte - 20'
DIRECCIÓN: Josema Roig. REPARTO:
Travis Myers, Melissa Strom,
Kym Jackson, Frank Clem.

Wyatt Star, motorista de capa caída enfróntase aos seus erros do pasado para volver ser a lenda que un día foi.





THE BABY (O bebé)

2014 - Iran, Italia - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Ali Asgari. *REPARTO:* Sahar Sotoodeh, Faezeh Bakhtiar.

Narges e a súa amiga só teñen unhas poucas horas para encontrar alguén que coide o seu bebé durante algúns días.



MARTES 8 DE SETEMBRO

CURRICÁN

2014 - Galicia (España) - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Álvaro Gago. *REPARTO:* Iago Ferreiro, Celso Bugallo, Javier Fernández.

A mirada de Xan Curricán guíanos polas rúas de Vilanova de Arousa, un pobo cheo de grandes cadros e interminables epifanías.




DIE KUNST DES VERLIERENS (A arte de perder)

2014 - Alemaña - Drama, Deporte - 30'

DIRECCIÓN: David Voss. *REPARTO:* Lukas Steltner, Antonio Wannek, Laura Maria Hänsel.

Christian é un boxeador novo e ambicioso que ten un próximo e decisivo combate de boxeo. Na casa, coida do seu pai inválido. Cando seu irmán maior, Michael, regresa á casa, non lle prestará a axuda que este agardaba.



AISSA

2014 - Francia - Drama - 8'

DIRECCIÓN: Clément Thélin-Lalanne. *REPARTO:* Manda Touré, Bernard Campan.

Aïssa é congoleesa e actualmente reside ilegalmente en territorio francés. Ela asegura ser menor de idade, pero as autoridades cren que ten máis de 18 anos. Para determinar se pode ou non quedar no país, un médico debe facerlle un exame físico.

PÉRE (Pai)

2014 - Tunisia, Francia - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Lofti Achour. REPARTO:
Anissa Daoud, Noomen Hamda,
Feryel Chammari, Wassila Dari.

Hedi é un taxista que se gaña a vida en Tunisia capital. Unha noite tócalle levar ó hospital a unha moza embarazada que está a punto de dar a luz.

Este breve encontro provocará unha serie de acontecementos inesperados, tráxicos e xocosos, que cambiarán as vidas dos protagonistas.



ELENA ASINS - GÈNESIS

2014 - España - Documental - 18'

DIRECCIÓN: Álvaro Giménez.

Elena Asins vive dende hai máis de 20 anos en Azpírotz, un pequeno pobo do noroeste de Navarra. Alí desenvolve unha das carreiras artísticas máis importantes da arte española contemporánea.



97%

2013 - Holanda - Comedia trágica - 8'

DIRECCIÓN: Ben Brand. REPARTO: Bert Hana,
Laura Branderhorst.

Tiqui-tiqui-ding-dong-zas! Coincidencia do 97%. Unha aplicación do seu teléfono comunica a Bert que a rapaza dos seus sonos está nas inmediacións.



MÉRCORES 9 DE SETEMBRO

UNARY

2015 - Galicia (España) - Drama - 19'

DIRECCIÓN: Luis Avilés. REPARTO:
Antonio Durán "Morris"

Tras 20 anos en prisión Lucas debe facer fronte a unha nova vida, a un novo mundo que xa non recoñece. A soidade é maior do que esperaba tras perder todo o que tiña. Será Lucas capaz de empezar de cero?





KOMM UND SPIEL (Ven xogar)

2013 - Alemaña - Drama - 30'

DIRECCIÓN: Daria Belova. REPARTO: Alexander Josef Shtol, Julia Gorr, Iljá Pletner, Maria Zharkova, Roman Scobnyako, Andrej Vanichev, Pavel Klering.

Berlín. Grisha, un rapaz ruso-alemán, enreda cunha pistola de xoguete feita cunha vara. Canto máis xoga, máis se ve abocado a unha realidade alterada. As fronteiras que separan o pasado do presente, o real do surrealista, comezan a esvaecerse. Aparecen imaxes dun Berlín de antano; as rúas e os edificios aínda portan as lembranzas da guerra. De súpeto, Grisha queda atrapado nun pesadelo que representa outra vida, pesadelo que segue presente hoxe.



JAMES

2014 - Reino Unido - Drama (Historia real) - 15'

DIRECCIÓN: Claire Oakley.

REPARTO: Jack Hollington, Robert Cavanah, Morgan Watkins.

Gloucestershire, Inglaterra, 1796. A un traballador pobre ofrécenlle traballo, pero primeiro debe deixar que o seu fillo sexa utilizado nun experimento médico.



LISTEN (Escoita)

2014 - Dinamarca, Finlandia - Drama - 12'

DIRECCIÓN: Hamy Ramezan, Rungand Nyoni.

REPARTO: Zeinab Rahal, Yusuf Kamal El- Ali.

Unha muller estranxeira con burka chega co seu fillo a unha comisaría de Copenhague para denunciar ao seu violento marido.



THE CHICKEN (A galiña)

2014 - Alemaña, Croacia - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Una Gunjak. REPARTO: Iman Alibalic, Esma Alic, Mirela Lambic, Mario Knezovic.

Con motivo do seu sexto aniversario, a Selma regálalle unha galiña viva. Cando a nena se decata de que o animal será sacrificado para alimentar á familia, decide salvar a súa vida e liberala, sen ser consciente dos riscos que entraña a súa acción. Corre o ano 1993 en Saraxevo.

XOVES 10 DE SETEMBRO

RESTART

2015 - Galicia (España) - Ciencia-ficción - 15'
DIRECCIÓN: Olga Osorio. REPARTO: Marta Larralde.

Andrea está atrapada nun bucle temporal.
Logrará rompelo?



OLGA

2013 - Estonia - Drama - 20'
DIRECCIÓN: Kaur Kokk. REPARTO:
Svetlana Dorošenko, Raivo Riiütel.

Olga é garda dun aparcadoiro e pasa os seus monótonos días varrendo a neve entre os coches. Outra persoa solitaria e adicta ao casino, Joel, achega variedade aos seus días. A medida que a neve se amontoa, os problemas comezan a acumularse. No medio dunha crise persoal, o tempo empeora e Olga enfróntase a unha elección.



PRENDS-MOI (Cólleme)

2014 - Canada - Drama - 10'
DIRECCIÓN: André Turpin, Anaïs Barbeau-Lavalette.
REPARTO: Mani Soleymanlou, Maxime D.
Pomerleau, Alexandre Vallerand.

Un enfermeiro que traballa nun centro para persoas con minusvalía enfróntase aos seus principios cando é requirido para realizar unha tarefa en particular.




NASHORN IM GALOPP (Rinoceronte ao galope)

2013 - Alemaña - Comedia, Romance - 15'
DIRECCIÓN: Erik Schmitt. REPARTO:
Marleen Lohse, Tino Mewes.

Bruno deambula por Berlín buscando a alma da cidade. Guiado pola súa curiosidade, unha estimulante imaxinación e as súas extravagantes reflexións sobre a realidade, móstranos o que hai máis alá da superficie.





LA REINA

2013 - Argentina - Documental - 19'

DIRECCIÓN: Manuel Abramovich.

"O seu traxe é branco e marrón, e leva unha coroa de catro quilos. Tivéronlle que quitar peso porque non o soportaba. Caíalle da cabeza. Pero agora non quere que lle saquen nada porque está preciosa".



EL CORREDOR

2014 - España - Drama - 12'

DIRECCIÓN: José Luis Montesinos.

REPARTO: Miguel Ángel Janner, Lluís Altés.

Hai 5 anos que o xefe pechou a empresa e despediu 300 traballadores. O primeiro día que sae a correr encóntrase cun deles.



VENRES 11 DE SETEMBRO

VÉNDESE (BAIXO PREZO, POUCO USO)

2014 - Galicia (España) - Acción - 13'

DIRECCIÓN: J.A. Blanco.

REPARTO: Carlos Blanco, Xúlio Abonjo.

Carlos é un home de mediana idade que, por problemas económicos, ten que vender o seu coche. Coñece a Miguel, que semella interesado nel. Ambos inician un percorrido que os levará a un destino ben distinto do que parecía.



PEQUEÑO BLOQUE DE CEMENTO CON PELO ALBOROTADO CONTIENIENDO EL MAR

2013 - España - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Jorge López Navarrete .

REPARTO: Kinara, Tomi.

Un can e unha egua emprenden unha viaxe xuntos. A cada paso do camiño, as súas diferenzas póñense de manifesto inevitablemente. Pero o profundo coñecemento mutuo xerado polo tempo compartido pode traducirse, de pronto, nun momento luminoso entre os dous.



ARTA (Arte)

2014 - Romanía - Drama - 19'

DIRECCIÓN: Adrian Sitaru. REPARTO: Emanuel Parvu, Andrei Rus, Ioana Abur, Julia Crisan.

Dous directores de cine están a tratar de convencer unha nai remisa a deixar á súa filla interpretar o papel dunha menor abusada sexualmente.



WHALE VALLEY (O val das baleas)

2013 - Dinamarca, Islandia - Drama - 15'

DIRECCIÓN: Gudmundur Amar.

REPARTO: Örn b. Wigum, Jóhann Valsson.

Dous irmáns viven nun remoto fiorde islandés cos seus pais. Cando o irmán máis pequeno é testemuña dun momento de vida ou morte que involucra o seu irmán maior, desencadease a posibilidade dunha traxedia ou un punto de inflexión que mellore a vida dos irmáns.



THE BIGGER PICTURE (Panorama xeral)

2014 - Reino Unido - Drama. Familia - 7'

DIRECCIÓN: Daisy Jacobs. REPARTO: Animación.

Dous fillos, unha nai anciá e un final que non se enxerga. Un conto duro e cheo de humor negro que trata sobre o coidado dos pais anciáns.



LA GRAN INVENCIÓN

2014 - España - Drama - 20'

DIRECCIÓN: Fernando Trias de Bes. REPARTO: Oriol Rafel, Xavier Boada, Florence Golay.

París. Ano 2027. Cúmrense 10 anos da disolución da Unión Europea. A TV pública francesa emite unha reportaxe sobre o causante do final de Europa: un filme español cuxo director desapareceu.



SER E VOLTAR - UUn jóven(?) cineasta regresa a casa de sus abuelos para hacerles un vídeo-retrato. ¿De eso trata el cine, no? / *A young(?) filmmaker comes back to his grandparents' house to make them a video-portrait. That's what's cinema is about, isn't it?*

ALLES WIRD GUT - Como todos los segundos fines de semana, el padre de Lea pasa algunas horas con su hija. Él la quiere muchísimo, igual que ella a él. Pero poco a poco Lea no puede evitar sentir que algo no va bien. / *Like every second weekend Lea's father spends a few hours with his daughter. He loves her very much and she loves him very much. But gradually, Lea cannot help feeling something is not right.*

DINOLA - En la dura y montañosa campiña de Svaneti (Georgia), la felicidad es breve, el amado esposo de Dina muere y una estricta ley no le da la oportunidad de ser madre junto a su hija. / *In the harsh mountainous countryside of Svaneti (Georgia), happiness is brief. Dina's beloved husband dies and a strict law prevents her from being together with her child.*

STARMAN - Wyatt Star, motorista de capa caída se enfrenta a sus errores del pasado para volver a ser la leyenda que un día fue. / *Wyatt Star, a motorcycle racer in the doldrums faces his past mistakes to become once more the legend he once was.*

THE BABY - Narges y su amiga solo tienen unas pocas horas para encontrar a alguien que cuide su bebé durante algunos días. / *Narges and her friend just have a few hours to find someone to take care of her baby for some days.*

CURRICÁN - La mirada de Xan Curricán nos guía por las calles de Vilanova de Arousa, un pueblo lleno de grandes cuadros e interminables epifanías. / *Xan Curricán guides us through the streets of Vilanova de Arousa, a village full of picturesque portraits and endless epiphanies.*

DIE KUNST DES VERLIERENS - Christian es un

boxeador jóven y ambicioso que tiene un próximo y decisivo combate de boxeo. En casa, cuida de su padre, que tras un segundo infarto ha quedado completamente inválido. Cuando su hermano mayor, Michael, regresa a casa, no será la ayuda que este esperaba. / *Christian is a young and ambitious boxer who has an upcoming decisive boxing match. At home, he takes care of his father, who, after a second stroke, has become a complete invalid. When his older brother, Michael, returns home, he isn't the help he would have hoped for.*

AISSA - Aïssa es congoleña y actualmente reside ilegalmente en territorio francés. Ella asegura ser menor, pero las autoridades creen que tiene más de 18 años. Para determinar si puede o no quedarse en el país, un médico debe hacerle un examen físico. / *Aïssa is Congolese and she is at present residing illegally on French territory. She claims to be a minor, but the authorities believe that she is over 18. In order to establish whether or not she can remain in the country a doctor must give her a physical examination.*

PÉRE - Hédi es un taxista que se gana la vida en Túnez capital. Una noche le toca llevar al hospital a una joven embarazada que está a punto de dar a luz. Este breve encuentro provocará una serie de acontecimientos inesperados, trágicos y jocosos, que cambiarán las vidas de los protagonistas. / *Hédi is a taxi driver in Tunis. One evening he drives a young pregnant woman who is about to give birth to the hospital. This brief encounter will bring a series of unexpected, tragic and humorous events, leading to a life-changing experience for both of them.*

ELENA ASISNS – GÉNESIS - Elena Asins vive desde hace más de 20 años en Azpírotz, un pequeño pueblo del noroeste de Navarra. Allí desarrolla una de las carreras artísticas más importantes del arte español contemporáneo. / *Elena Asins has lived for over 20 years in Azpírotz, a small village in the northeast of Navarra. There she develops one of the most significant artistic careers in the Spanish contemporary art scene.*

97% - ¡Tiqui-tiqui-ding-dong-zas! Coincidencia del 97

% Una aplicación de su teléfono comunica a Bert (29) que la chica de sus sueños está en las inmediaciones. / *Tsjakke-tsjakke-ding-ding-whoop! 97% match! Via an app on his phone, Bert (29) gets a notice that the girl of dreams is nearby.*

UNARY - Tras 20 años en prisión Lucas debe hacer frente a una nueva vida, a un nuevo mundo que ya no reconoce. La soledad es mayor de lo que esperaba tras perder todo lo que tenía. ¿Será Lucas capaz de empezar de cero? / *After 20 years in prison, Lucas faces a new life, a new world that he does not recognize anymore. Loneliness is worse than he expected after losing everything he had. Will Lucas be able to start afresh?*

KOMM UND SPIEL - Berlín. Grisha, un niño ruso-alemán, juega con una pistola de juguete hecha con una vara. Cuanto más juega, más se ve abocado a una realidad alterada. Las fronteras que separan el pasado del presente, lo real de lo surrealista, comienzan a desvanecerse. Aparecen imágenes de un Berlín de antaño; las calles y los edificios aún portan las memorias de la guerra. De repente, Grisha queda atrapado en una pesadilla que representa otra vida, pesadilla que sigue presente hoy. / *Berlin. Grisha, a Russian-German boy, fools around with a wooden stick toygun. The longer he plays, the further he is thrust into an altered reality. The boundaries between the past and the present, the real and the surreal, start to blur. Images from bygone Berlin appear; streets and buildings still carry the memories of war. Suddenly, he is caught in a nightmare of another lifetime, nightmare that is still present today.*

JAMES - Gloucestershire, Inglaterra, 1796. A un trabajador pobre le ofrecen trabajo, pero primero debe dejar que su hijo sea utilizado en un experimento médico. / *Gloucestershire, England, 1796. A poor labourer is offered a job but he must first let his son be used in a medical experiment.*

LISTEN - Una mujer extranjera con burka llega con su hijo a una comisaría de Copenhague para denunciar a su violento marido. / *A foreign woman in a burqa arrives at a police station in Copenhagen with her young son to file a complaint against her violent husband.*

THE CHICKEN - Con motivo de su sexto cumpleaños, a

Selma le regalan una gallina viva. Cuando la niña se da cuenta de que el animal será sacrificado para alimentar a la familia, decide salvar su vida y liberarlo, sin ser consciente de los riesgos que entraña su acción. Corre el año 1993 en Sarajevo. / *As a present for her 6th birthday, Selma gets a living chicken. When she realises that the animal is going to be killed to feed the family, she decides to save it and set it free, unaware of the risk that such action implies. It's the year 1993 in Sarajevo.*

RESTART - Andrea está atrapada en un bucle temporal. ¿Logrará romperlo? / *Andrea is trapped in a temporal loop. Will she be able to break it?*

OLGA - Olga es guardia de un parking y pasa sus monótonos días barriendo la nieve entre los coches. Otra persona solitaria y adicta al casino, Joel, aporta variedad a sus días. A medida que la nieve se amontona, los problemas comienzan a acumularse. En medio de una crisis personal, el tiempo empeora y Olga se enfrenta a una elección. / *The parking lot guard Olga spends her humdrum days sweeping snow between the cars. Another similar loner, the casino addict Joel brings variety to her days. As the snow piles up, her problems start to accumulate. In the middle of a personal crisis, the weather takes a turn for the worst and Olga is faced with a choice.*

PRENDS-MOI - Un enfermero que trabaja en un centro para personas con discapacidad se enfrenta a sus principios cuando es requerido para realizar una tarea en particular. / *A nurse working in a center for the disabled is confronted to his principles when he's asked to accomplish a particular task.*

NASHORN IM GALOPP (Rinoceronte ao galope) - Bruno deambula por Berlín buscando el alma de la ciudad. Guiado por su curiosidad, una estimulante imaginación y sus extravagantes reflexiones sobre la realidad, nos muestra lo que hay más allá de la superficie. / *Bruno is making his way through the city searching for its soul. Driven by his curiosity, a stimulating imagination and his wild reflections on reality he is lifting the old dusty curtain on the city's crusted perception.*

LA REINA - "Su traje es blanco y marrón y lleva una corona de cuatro kilos. Le tuvieron que quitar peso porque no podía soportarla. Se le caía de la cabeza. Pero ahora no quiere que le quiten nada más porque está preciosa." / *"Her dress is white and brown and she is wearing a four kilo crown. They had to remove weight from it because she couldn't carry it. It would fall off her head. But now she doesn't want anything else to be done with it because she looks so pretty."*

EL CORREDOR - Hace 5 años que el jefe cerró la empresa y despidió a 300 trabajadores. El primer día que sale a correr se encuentra con uno de ellos. / *5 years ago the boss closed the company and fired 300 workers. The first day that he goes out running he meets one of them.*

VÉNDESE (BAIXO PREZO, POUCO USO) - Carlos es un hombre de mediana edad que, por problemas económicos, tiene que vender su coche. Conoce a Miguel, que parece interesado en él. Ambos inician un recorrido que los llevará a un destino bien distinto del que parecía. / *Carlos is a middle-aged man who, for economic reasons, have to sell your car. He meets Miguel, who seems interested in it. Both begin a journey that will lead to a quite distinct from that appeared destination.*

PEQUEÑO BLOQUE DE CEMENTO... - Un perro y una yegua emprenden un viaje juntos. A cada paso del camino, sus diferencias se ponen de manifiesto inevitablemente. Pero el profundo conocimiento mutuo generado por el tiempo compartido puede traducirse, de pronto, en un momento luminoso entre los dos. / *A dog and a mare embark on a voyage together. With every step they take, the differences between them become inevitably clearer. However, the profound mutual knowledge generated by the shared time suddenly translates into a luminous moment between the two.*

ARTA - Dos directores de cine están tratando de convencer a una madre reacia a dejar a su hija interpretar el papel de una menor abusada sexualmente. / *Two film directors are trying to convince a reluctant mother to let her daughter play the role of a sexual abused minor in their film.*

WHALE VALLEY - Dos hermanos viven en un remoto fiordo islandés con sus padres. Cuando el hermano pequeño es testigo de un momento de vida o muerte que involucra a su hermano mayor, se desencadena la posibilidad de una gran tragedia o un punto de inflexión que mejore la vida de los hermanos. / *Two brothers live in a remote Icelandic fjord with their parents. When the younger brother witnesses a life or death moment involving his big brother, it sets in motion the possibility of either a great tragedy or a turning point to better times in the brothers' lives.*

THE BIGGER PICTURE - Los hijos, una madre anciana y un final que no se vislumbra. Un cuento duro y y lleno de humor negro que trata sobre el cuidado de los padres ancianos. / *Two sons, an elderly mother and no end in sight. The stark and darkly humorous tale of caring for an ageing parent.*

LA GRAN INVENCIÓN - París. Año 2027. Se cumplen 10 años de la disolución de la Unión Europea. La TV pública francesa emite un reportaje sobre el causante del final de Europa: un film español cuyo director desapareció. / *Paris. Year 2027. 10th anniversary of the European Union demise. French Public TV broadcasts a documentary about the responsible of the end of Europe: an Spanish film whose director disappeared.*

RELACIÓN DE PREMIOS FICBUEU 2015

Os premios entregaranse na cerimonia de clausura, que se celebrará o sábado día 13 de setembro ás 21:30 horas no Centro Social do Mar de Bueu

PREMIOS DO XURADO

- Primeiro premio: 2.000E e trofeo.
- Segundo premio: 1.000E e trofeo.
- Mellor curtametraxe galega: 500E e trofeo.
- Mellor director: Diploma.
- Mellor guión: Diploma.
- Mellor actriz: Diploma.
- Mellor actor: Diploma.
- Mellor fotografía: Diploma.
- Mellor dirección artística: Diploma.
- Mellor vestuario: Diploma.
- Mellor maquillaxe/perruquería: Diploma.
- Mellor son: Diploma.
- Mellor montaxe: Diploma.
- Mellor música: Diploma.

PREMIO DO PÚBLICO

- Premio do público* 500€ e diploma

() Os asistentes outorgarán o Premio do Público mediante unha votación diaria das curtametraxes proxectadas.*

EQUIPO TÉCNICO FICBUEU

Director: Manuel Pena.
Coordinadora: Cristina Sanmartín.
Director técnico: Pablo Lamosa.
Dirección artística: Lorena Sanmartín.
Programación: Manuel Pena, Severiano Casalderey.
Comunicación: Carmen Novas.
Deseño gráfico: Manuel Portolés.
Fotografía cartel: Manuel Pena.
Equipo de traducción: Cristina Sanmartín, Mar Fernández, Rocío Murga, Eida Álvarez, Martín Gil, David Pollard.
Presentador gala: César Aldea.
Música gala: Severiano Casalderey.

Para máis información ponte en contacto connosco:

Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu Concello de Bueu Eduardo Vincenti, 8 36930 – Bueu (Pontevedra)

Tamén podes poñerte en contacto connosco a través do seguinte enderezo electrónico:
info@ficbueu.com
WWW.FICBUEU.COM

XURADO OFICIAL FICBUEU 2015



DEBORAH VUKUSIC

Licenciada en Filoloxía Hispánica e en Interpretación na Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid. Completa a súa formación na Alliance Française de París e de Erasmus na Université de Toulouse-Le Mirail. Posteriormente amplía a súa formación interpretativa no Teatro de la Abadía e con mestres como Marcel Marceau, Hope Hartup ou Dan Jemmet. Entre os seus últimos traballos destacan as longametraxes: "Vilamor", "Personal Movie", "Sen embargo quérote", "Inevitable", "Todos os Santos" e "La playa de los ahogados"; a obra de teatro "Presas" no Centro Dramático Nacional; as series "Luci", "Matalobos", "L.E.X.", "La Tira" ou "El Comisario", os programas de televisión "Top 10", "A Favorita" e "Máis Retranca" como presentadora e guionista e a serieweb "Joke Business", que co-escribe, co-produce e co-dirixe con Israel Nava, dúas veces nominada aos premios da Academia. Ten publicados dous libros de poesía e máis dunha ducia de escolmas de poesía e relato breve. Os seus textos foron traducidos ao portugués, croata, grego e inglés. No presente está a escribir o guión de dúas longametraxes con Ángel de la Cruz e o da que será a súa opera prima coma directora.



ANXO SANTOMIL

Anxo Santomil foi un dos impulsores da Federación de cine clubs de Galicia. Durante varios anos ocupou o cargo de vicepresidente da Confederación de Cine Clubs do Estado Español. A súa relación co Festival Internacional de Ourense vai dende exercer como coordinador de publicacións e promoción, a formar parte do comité de selección. Como xurado tamén ten participado en numerosos festivais internacionais en España e Portugal. Na súa estada na Axencia Audiovisual Galega, Xunta de Galicia, coordinou o proxecto "CINEMAS DIXITAIS". Sendo tamén o coordinador, en diferentes edicións das Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia. Tamén ten realizado varios montaxes-documentais. Formou parte do equipo de produción nos filmes "Sempre Xonxa" e "Camiño das Estrelas" de Chano Piñeiro e "A lenda da doncela" de Juan Pinzás.



ANA BELÉN DÍZ

Ana B. Díz realiza os seus estudos en Comunicación Audiovisual na Facultade de CC.SS.CC de Pontevedra, na especialidade de Produción e realización. Posteriormente desprázase á capital onde se centrará no seu Doutoramento e investigará sobre o poder comunicativo dos decorados no cine. Ao largo da súa traxectoria profesional participa como guionista, realizadora e produtora en diferentes pezas audiovisuais. Dentro das máis actuais atópase a Dirección de Produción da curta "Flores para Amalia" do director Nani Matos, finalista nos Mestre Mateo no 2014 e recoñecida a nivel nacional e internacional. Participou tamén como Directora de Produción da curta "Lurna", do mesmo director, e rodada recentemente. Como guionista figura o seu paso polo programa televisivo "Cazador de Palabras" da TVG, así como o guión e realización de curtas que pasaron polo festival "A toda mecha" de Ribadeo. Actualmente traballa no guión de varios proxectos persoais, na dirección dun documental e a produción dunha nova curta que ten previsto rodarse en Setembro deste ano.

O 8º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu non tería sido posible sen o patrocinio e a colaboración de todas estas entidades. Moitas grazas polo apoio e por nos axudar a facelo real un ano máis.

ORGANIZA:



CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

PRODUCE:



PATROCINA:



Deputación
Pontevedra



SPONSORS:



COLABORA:



GRANIGAL
SANMARTÍN SL
construcción y cantería



La Fiorentina



Casa Quintela
restaurante





FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES DE BUEU 2015
Se precisas máis información podes consultar a nosa páxina web
www.ficbueu.com ou se o prefires, tamén podes contactarnos
no enderezo electrónico info@ficbueu.com

ORGANIZA:



CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

PRODUCE:



PATROCINA:



Deputación
Pontevedra



"la Caixa"

SPONSORS:

